

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**


Mercadorías

03/11/2021

10:00 H

-GALEGO-

MODELO B



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

1. Como se chama o vehículo de construción reforzada, de gran maniobrabilidade e apto para todo terreo?

- a) Basculante.
- b) Reforzado.
- c) Dumper.
- d) Capitoné.

2. O transporte de mercadorías que non excede os límites dun país coñécese co nome de transporte:

- a) urbano.
- b) comunitario.
- c) interior.
- d) doméstico.

3. Para obter os permisos específicos para a condución dun vehículo de transporte de mercadorías de 5.000 kg de masa máxima autorizada, que requisito hai que cumprir?

- a) Ter 21 anos cumpridos.
- b) Ter a residencia normal en España.
- c) Reunir as condicións físicas e psíquicas adecuadas.
- d) As respostas B e C son correctas.

4. Dos seguintes factores, cal pode reducir a resistencia do aire?

- a) Que as ventanillas e trampillas estean abertas.
- b) Unha regulación correcta dos deflectores.
- c) Colocar os toldos de maneira que poidan ondear facilmente.
- d) Instalar obxectos con formas sobresalientes na superficie do camión.

5. Que se entende por transporte de mercadorías por conta allea?

- a) O transporte que realiza persoal asalariado.
- b) A prestación de servizos de transporte a terceiros.
- c) O transporte que se realiza con vehículos alugados.
- d) O transporte realizado por persoal non profesional.

6. En virtude do risco creado pola condución de vehículos de motor, o condutor é responsable dos danos causados ás persoas con motivo da circulación. Cando queda exonerado o condutor desta responsabilidade?

- a) Cando conduce baixo o efecto de drogas, pois non é responsable dos seus actos.
- b) Cando os danos só son materiais.
- c) Cando probe que os danos foron debidos unicamente por mor de forza maior allea ao funcionamento do vehículo.
- d) Nunca.

7. Débense colocar as partes máis pesadas da carga debaixo das partes máis lixeiras?

- a) Non.
- b) Non, porque se incrementa o risco nas curvas.
- c) Si, porque se consegue maior velocidade de cruceiro.
- d) Si, porque hai menores probabilidades de que se produza un envorco.

8. A medida que aumenta a velocidade, o camión ten que desprazar:

- a) a mesma cantidade de aire.
- b) a forza aerodinámica.
- c) menos cantidade de aire.
- d) máis cantidade de aire.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

9. Que factor intervéñ na elección da relación de marchas da caixa de cambios dun camión?

- a) A adecuada relación de engrenaxes do diferencial.
- b) O perfil do roteiro.
- c) A inadecuada utilización do pedal do acelerador.
- d) A entrada de impurezas gasosas.

10. Das que se citan, que forzas aplícanse a un camión en movemento?

- a) A forza electromotriz.
- b) A forza intermolecular.
- c) A forza termotecnia lateral.
- d) As forzas de guiado lateral, que conservan a dirección do vehículo.

11. En camiións de caixa aberta, onde debe situarse a carga para reducir a resistencia do aire?

- a) Na parte traseira da caixa.
- b) Na parte dianteira da caixa.
- c) O máis centrada posible na caixa.
- d) O máis elevada posible.

12. Todo corpo está exposto a diferentes forzas e pares. Que sucede cando a suma das forzas e os pares aplicadas a un camiión é igual a cero?

- a) Que hai aceleración.
- b) Que o vehículo se atopa en repouso.
- c) Que hai desaceleración.
- d) Que hai falta de gravidade.

13. As persoas que obteñan o permiso de conducir das clases C1, C1 E, C ou C E a partir do 11 de setembro de 2009 deben obter ademais...

- a) o Certificado de Condución Completa (CCC).
- b) o Certificado de Condución Profesional (CCP).
- c) o Certificado Profesional (CP).
- d) o Certificado de Aptitude Profesional (CAP).

14. Unha boa estiba require que a carga sexa colocada:

- a) reducindo ao mínimo o tempo de carga e descarga.
- b) de forma que nunca se superpoñan máis de 5 vultos.
- c) de forma transversal á caixa do vehículo.
- d) de forma lonxitudinal á caixa do vehículo.

15. A forza que opón resistencia ao movemento entre a superficie do pneumático dun camiión e a calzada denomínase:

- a) resistencia por rozamento.
- b) desprazamento de masas.
- c) forza de molaridade.
- d) resistencia á pendente.

16. Que requisito deben cumprir os centros de transporte e loxística de mercadorías?

- a) Ser xestionados por unha única persoa ou entidade.
- b) Reunir un conxunto de servizos para o desenvolvemento das actividades de transporte.
- c) Ser de titularidade pública.
- d) As respostas A e B son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

17. Que clase de permiso necesítase para conducir un camión cunha MMA de 13.000 kg que leva axustado un remolque de 500 kg de MMA?

- a) O da clase C.
- b) O da clase C1 E.
- c) O da clase C1.
- d) O da clase B.

18. A distribución incorrecta da carga:

- a) afecta positivamente á estabilidade do vehículo.
- b) afecta á maniobrabilidade dos operarios de descarga.
- c) reduce considerablemente o risco de accidente.
- d) afecta negativamente á estabilidade do vehículo.

19. Como se denomina ao documento utilizado no transporte de mercadorías perigosas e que contén, entre outros datos, a descrición das mercadorías e a cantidade transportada?

- a) Documento de control.
- b) Guía de viaxe.
- c) Carta de porte.
- d) Albará de carga.

20. O documento de control dun transporte público de mercadorías:

- a) deberá axustarse a un modelo determinado.
- b) editarase polas asociacións de transportistas.
- c) será de libre edición.
- d) editarase polo Comité Nacional do Transporte por Estrada.

21. O contedor caracterízase principalmente por:

- a) ter un volume mínimo de 3 metros cúbicos.
- b) facilitar o transporte de mercadorías de carga fraccionada.
- c) estar concibido para usarse unha soa vez.
- d) facilitar o transporte de mercadorías sen ruptura de carga.

22. En que consiste a forza de guiado lateral?

- a) É a que conserva a dirección do camión.
- b) É a que actúa en contra da forza motriz.
- c) É a que resulta da fricción e da atracción.
- d) É a que resulta da resistencia ao aire.

23. O permiso de condución da clase C1 autoriza para conducir automóbiles distintos dos que autorizan os permisos das clases D1 ou D cuxa masa máxima autorizada:

- a) exceda de 3.500 kg e non exceda o 7.500 kg, deseñados e construídos para o transporte de non máis de oito pasaxeiros ademais do condutor.
- b) exceda de 2.500 kg e non exceda o 7.500 kg, independentemente do número de pasaxeiros transportados.
- c) sexa de ata 12.000 kg.
- d) sexa de ata 30.000 kg.

24. Que significa nunha cisterna unha placa-etiqueta de fondo branco, cunhas mornas e unha caveira no interior e un número 2?

- a) Que transporta un gas asfixiante.
- b) Que transporta un gas infeccioso.
- c) Que transporta un gas tóxico.
- d) Que transporta unha materia tóxica.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

25. Coñécese como unidade TEU:

- a) calquera contedor calquera que sexa a súa medida de longo.
- b) só os contedores de 40 pés de longo.
- c) os contedores especiais (cisterna, frigoríficos etc).
- d) os contedores de 20 pés de longo.

26. Que vantaxes presenta conducir utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible dependendo da velocidade á que se circule?

- a) Non ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante xa que conducir desta maneira fai que o consumo de refrixerante sexa nulo.
- b) Reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) Menor consumo e desgaste mecánico.
- d) Reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.

27. Nun transporte de mercadorías perigosas, que actuacións concretas debe levar a cabo o transportista antes da carga?

- a) Verificar o nivel de aceite do motor.
- b) Asegurarse visualmente de que os vehículos e a carga non presenten defectos manifestos, escapes ou fisuras.
- c) Revisar a presión dos pneumáticos.
- d) Revisar a instalación eléctrica.

28. Cales son os equipos de protección individual da pel?

- a) Protectores auditivos.
- b) Cascos de seguridade.
- c) Cremas e pomadas de protección.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

29. Se, inevitablemente, han de usarse pneumáticos de distinto debuxo, deberán ser iguais, polo menos:

- a) nas rodas ao lado dereito.
- b) nas rodas ao lado esquerdo.
- c) nas rodas dun mesmo eixo.
- d) nas rodas xemelgas.

30. Se ao comprobar o nivel do aceite na balea medidora observa que existen pingas de auga, cal pode ser a causa?

- a) Que a auga de choiva penetrou no cárter.
- b) Non sucede nada, é o normal.
- c) Que hai unha comunicación entre o cárter e o depósito do lavaparabrisas.
- d) Débese ao mal estado da culata ou da xunta desta.

31. Dos elementos técnicos que se citan, cales reforzan a seguridade na conducción?

- a) As pantallas panorámicas dos monitores.
- b) Os sistemas que evitan o cansazo ou a somnolencia no condutor.
- c) Os sistemas electrónicos de visión nocturna.
- d) Os sensores de ultrasóns que detectan a presenza doutros usuarios na vía.

32. Como se denomina ao suceso causante dos danos previstos na póliza de seguro?

- a) Risco.
- b) Prima.
- c) Tomador.
- d) Sinistro.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

33. Nos expedientes sancionadores incoados por infraccións cometidas por transportistas, se estes infrinxen a obrigaón de facerse cargo dos estranxeiros transportados ilegalmente, non poderá acordarse...

- a) a suspensión das súas actividades.
- b) a prestación de fianzas ou avais.
- c) a inmovilización dos vehículos utilizados.
- d) a prisión provisional para os titulares dos vehículos utilizados.

34. Cando se substitúe o aceite do sistema de lubricación hai que ter en conta que...

- a) o motor debe estar frío.
- b) non debe derramarse o aceite usado polos sumidoiros.
- c) o motor debe estar ao ralentí.
- d) é necesario que o contacto estea posto.

35. Nas chamadas "baterías con mantemento", para que serven os orificios que posúen os tapóns dos vasos da batería?

- a) Para facilitar a saída dos gases producidos polas reaccións químicas.
- b) Para facilitar o enchido do vaso.
- c) Para permitir a entrada de osíxeno ao interior do vaso.
- d) Para permitir a entrada de aire ao interior do vaso.

36. Que lle pode ocorrer ao vehículo se o nivel do aceite atópase por riba do máximo?

- a) Nada en especial.
- b) Que consuma aceite en exceso.
- c) Que se gripe o motor.
- d) Que se quente o motor.

37. Cando un condutor cambia de empresa:

- a) está obrigado a cambiar de tarxeta de condutor.
- b) está obrigado a descargar os datos da súa tarxeta de condutor.
- c) ten que levar o tacógrafo que use habitualmente.
- d) está obrigado a pasar un control periódico da súa tarxeta.

38. Como pode conseguir aforro enerxético unha empresa de transporte?

- a) Instalando tacógrafos dixitais nos vehículos.
- b) Cunha boa política de renovación dos vehículos.
- c) Instalando retardadores hidráulicos de freada nos vehículos.
- d) Non superando a MMA dos vehículos en máis dun 5%.

39. Que vehículos posúen árbore de transmisión?

- a) Todos.
- b) Aqueles que teñen o motor dianteiro e as rodas motrices son as dianteiras.
- c) Aqueles que teñen o motor dianteiro e as rodas motrices son as traseiras.
- d) Aqueles que teñen o motor traseiro e as rodas motrices son as traseiras.

40. A placa consistente nunha lámina reflectora de 50 x 50 cm pintada con franxas diagonais alternas vermellas e brancas, que indica?

- a) Que a carga do vehículo sobresaee posteriormente.
- b) Que é un vehículo de servizo público.
- c) Que o vehículo preseñaliza un perigo.
- d) Que a carga do vehículo sobresaee pola parte dianteira.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

41. Que é recomendable para previr os efectos do soño sobre a conducción?

- a) Interromper a conducción cada dúas horas ou 200 km.
- b) Tratar de adoptar unha postura relaxada ao volante, incluso un pouco recostada.
- c) Levar o vehículo a un temperatura elevada.
- d) Realizar comidas copiosas.

42. O sinal que indica a proximidade dun perigo pola existencia dun tramo de vía con forte pendente descendente, que forma ten?

- a) Hexagonal.
- b) Circular.
- c) Triangular.
- d) Cadrada.

43. Que recomendación é conveniente seguir para optimizar o consumo de carburante conducindo en chairo?

- a) Presionar pouco o pedal de acelerador.
- b) Circular en punto morto sempre que sexa posible.
- c) Manter a agulla do tacómetro na parte dereita da zona económica, o máis preto posible do réxime de consumo específico mínimo.
- d) Reducir moito a relación de transmisión seleccionada.

44. Para poder reducir a velocidade do vehículo, os freos de tambor posúen...

- a) pastillas.
- b) zapatas.
- c) discos.
- d) ralentizadores.

45. Nun motor de catro cilindros, a que se chama cilindrada do motor?

- a) Ao volume dos catro cilindros do motor.
- b) Ao volume de cada cilindro do motor.
- c) Á potencia do motor.
- d) Ao par motor.

46. Que capacidade ten a memoria da tarxeta de condutor?

- a) 10 anos.
- b) Máximo 10 días.
- c) Máximo 15 días.
- d) Polo menos 28 días de actividade.

47. O Certificado de Aptitude Profesional e a tarxeta de cualificación de condutor considéranse necesarios para aqueles condutores de vehículos que necesiten estar en posesión, de que permisos de conducir?

- a) A, A1, B, B1.
- b) C, C E, C1, C1 E.
- c) D, D E, D1, D1 E.
- d) As respostas b) e c) son correctas.

48. Cal destes factores non afecta o aforro de combustible?

- a) Prever os posibles movementos que poidan facer o resto de usuarios da vía.
- b) A elección da relación de marchas adecuada.
- c) O ecualizador.
- d) Conducir con tranquilidade.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

49. Todos os vehículos, obrigatoriamente, deben ter instalados elementos...

- a) de seguridade activa e de seguridade pasiva.
- b) de seguridade activa, pois a instalación dos de seguridade pasiva é opcional.
- c) de seguridade pasiva, pois a instalación dos de seguridade activa é opcional.
- d) Obrigatoriamente ningún, pois a súa instalación só é recomendable.

50. Se os pneumáticos dun vehículo desgastáronse rapidamente, a causa pode ser...

- a) porque se circulou cando a temperatura ambiente era fría.
- b) porque se circulou con pouca carga.
- c) porque se circulou habitualmente a moita velocidade.
- d) porque se circulou a baixa velocidade.

51. Como se denomina a tarxeta de tacógrafo que identifica ao titular e permite probar, activar, calibrar e transferir datos do tacógrafo dixital?

- a) Tarxeta de control.
- b) Tarxeta de centro de ensaio.
- c) Tarxeta de empresa.
- d) Tarxeta de condutor.

52. Cal das seguintes é a causa menos probable de accidente de traballo por incendio do vehículo?

- a) Circuitos eléctricos do vehículo en mal estado.
- b) Quecemento excesivo do motor.
- c) Fuga do combustible.
- d) Mala colocación da carga.

53. Cando un motor de combustión funciona a altas revolucións en comparación co mesmo motor funcionando a un réxime medio de revolucións:

- a) o par motor aumenta.
- b) o par motor diminúe.
- c) o par motor non varía.
- d) o par motor é cero.

54. Os pneumáticos quéntanse ao rodar e aumenta a presión no seu interior, por este motivo a presión debe comprobarse en...

- a) quente, axustándoa por baixo da recomendada polo fabricante.
- b) quente, axustándoa á recomendada polo fabricante.
- c) frío, axustándoa por baixo da recomendada polo fabricante.
- d) frío, igualándoa coa que recomenda o fabricante.

55. Que non hai que facer cando un cliente presenta unha reclamación a unha empresa de transporte?

- a) Aceptar a queixa.
- b) escoitar ao cliente.
- c) Evadir a solución.
- d) Persuadir ao cliente para que non presente a queixa.

56. No apartado 9 do modelo oficial da declaración amigable de accidentes debe anotarse...

- a) a data e hora do accidente.
- b) o lugar do accidente.
- c) os datos correspondentes ás compañías aseguradoras.
- d) os datos relativos aos condutores dos vehículos implicados no accidente.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

57. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículo de motor, a cobertura do seguro de subscripción obrigatoria, alcanzará aos danos materiais ocasionados ao tomador do seguro?

- a) Só cando o tomador non sexa o condutor do vehículo asegurado.
- b) Só cando o tomador non sexa á vez o asegurado.
- c) Non, en ningún caso.
- d) Sempre estarán cubertos.

58. Os embragues de fricción en seco carecen de...

- a) convertidor de par.
- b) prato de presión.
- c) disco de embrague.
- d) pedal de embrague.

59. Cal destes factores non afecta o aforro de combustible?

- a) Mirar e ver de lonxe.
- b) Gardar unha distancia de seguridade adecuada.
- c) Conducir con anticipación.
- d) A válvula de carga hidráulica.

60. O funcionamento do sistema de refrixeración dun motor, inflúe no consumo de carburante?

- a) Si, xa que se o motor non alcanza a temperatura adecuada de funcionamento aumenta o consumo de carburante.
- b) Si, xa que se o motor alcanza a temperatura adecuada de funcionamento aumenta o consumo de carburante.
- c) Non, o sistema de refrixeración serve unicamente para evitar que o motor se gripe.
- d) Non, o sistema de refrixeración serve unicamente para evitar a deterioración do aceite.

61. Con que ciencia traballa a Ergonomía?

- a) Anatomía.
- b) Psicoloxía.
- c) Fisioloxía.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

62. Cal das seguintes técnicas indicadas é máis correcta para optimizar o consumo de carburante?

- a) Evitar os períodos de tempo co vehículo parado e o motor ao ralentí.
- b) Circular a velocidade alta.
- c) Circular sempre en marchas curtas.
- d) Abrir as ventanillas para que circule o aire libremente.

63. Das seguintes enfermidades, sinala cal non está recoñecida como enfermidade profesional no sector do transporte:

- a) Enfermidades osteoarticulares por vibracións mecánicas.
- b) Inflamación da próstata como consecuencia do alto nivel de ruído.
- c) Xordeira provocada polo ruído.
- d) Outras enfermidades vinculadas ao transporte de produtos determinados (cloro licuado, manganeso e os seus compostos, etc.).

64. Reducir a velocidade media de circulación, que vantaxes presenta?

- a) Non ter que comprobar o nivel do aceite motor xa que conducir desta maneira fai que o consumo de aceite sexa nulo.
- b) Menor consumo, contaminación ambiental e desgaste mecánico.
- c) Reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- d) Reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

65. Unha roda dun automóbil coa presión de inflado recomendada polo fabricante, absorbe ou amortece os choques ou golpes debidos a pequenas irregularidades do terreo?

- a) Si.
- b) Non, iso sucede só se a presión de inflado é superior á recomendada polo fabricante.
- c) Non, iso sucede só se a presión de inflado é inferior á recomendada polo fabricante.
- d) Non, a función de amortiguación das irregularidades do terreo unicamente realízase a suspensión.

66. En que ten especial incidencia o correcto mantemento do sistema de lubricación?

- a) Na fiabilidade e lonxevidade do motor.
- b) Na correcta mestura da combustión.
- c) No estado do alternador.
- d) Na efectividade dos inxectores.

67. Que medidas débense tomar en caso de producirse un accidente?

- a) Non solicitar axudas.
- b) Restablecer, na medida do posible, a seguridade da circulación
- c) Adoptar medidas que favorezan a creación de perigos.
- d) Ningunha, xa que diso encárgase as forzas de seguridade.

68. Que se entende por Profesionalidade?

- a) Experiencia e contactos.
- b) Capacidade para enmascarar un mal servizo.
- c) Coñecemento e habilidades necesarias para un bo servizo.
- d) Transporte sen riscos.

69. Entre os factores que inflúen no consumo de carburante dun vehículo pesado atópanse...

- a) as revolucións por minuto do motor e a maior ou menor refrixeración dos freos.
- b) os ralentizadores que monte o vehículo e o mantemento do vehículo.
- c) as revolucións por minuto do motor e o estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación.
- d) o perfil da estrada e se posúe ou non suspensión pneumática.

70. Nos vehículos dotados de turbocompresor, o compresor atópase...

- a) no tubo de escape.
- b) no colector de admisión.
- c) no colector de escape.
- d) despois do catalizador.

71. A balea que posúe o sistema de lubricación dun motor de combustión serve para comprobar...

- a) a densidade do aceite.
- b) a viscosidade do aceite.
- c) a cantidade de aceite que se atopa no cárter.
- d) a existencia de grumos no aceite.

72. As vías públicas situadas fóra de poboado, como se denominan?

- a) Travesías.
- b) Vías urbanas.
- c) Vías interurbanas.
- d) Vías de servizo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

73. Que síntomas aparecen coa fatiga?

- a) Aumento da concentración.
- b) Modificacións na percepción.
- c) Aumento dos reflexos.
- d) Falta de soño.

74. Das seguintes afirmacións relativas á potencia que debe ter un vehículo para transportar unha carga determinada, cal é certa?

- a) O mellor é que o vehículo teña a maior potencia posible, para desprazarse rapidamente.
- b) O mellor é que teña a menor potencia posible, con obxecto de que sexan menores os consumos.
- c) O mellor é que a relación entre a potencia do motor e a masa transportada sexa a adecuada.
- d) Con tal que o vehículo teña potencia suficiente para transportar a carga, non importa cal sexa o valor da potencia.

75. Todos os contedores levan escrita unha combinación de:

- a) sete letras e catro números mediante a que se identifican e controlan.
- b) catro letras e sete números mediante a que se identifican e controlan.
- c) seis letras e oito números mediante a que se identifican e controlan.
- d) oito letras e seis números mediante a que se identifican e controlan.

76. Cal é unha infracción que pode dar lugar á inmovilización do vehículo nos controis de estrada?

- a) Falta de tarxeta de transporte.
- b) Falsificación de documentos administrativos.
- c) Manipulación do tacógrafo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

77. Que elemento pertence ao sistema de transmisión?

- a) O diferencial.
- b) A distribución.
- c) O turbocompresor.
- d) O volante de inercia.

78. Dos factores que se indican, cal non debe ter en conta un condutor ao seleccionar a relación de marchas adecuada?

- a) A masa do vehículo.
- b) Se circula cargado ou non.
- c) O número de revolucións do motor.
- d) A presión atmosférica.

79. Durante viaxes longas e sobre todo pola noite, que bebida é aconsellable tomar?

- a) Leite quente.
- b) Café en grandes cantidades.
- c) Zumes.
- d) Alcol

80. Como se denomina a tarxeta de tacógrafo que identifica á empresa e permite visualizar, transferir e imprimir a información que se atope almacenada no aparello ou aparellos de control instalado(s) por esa empresa?

- a) Tarxeta de control.
- b) Tarxeta de empresa.
- c) Tarxeta de condutor.
- d) Tarxeta de centro de ensaio.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

81. O tacógrafo dixital acumula o tempo de conducción para advertir que corresponde facer a pausa, que pasa se cambiamos de vehículo?

- a) O novo tacógrafo segue acumulando a conducción á que xa tiña no anterior.
- b) Empeza de novo posto que este novo tacógrafo ten o marcador a cero.
- c) Só se segue acumulando se o vehículo é da mesma empresa.
- d) Só acumula se o tacógrafo é da mesma marca.

82. A utilización do freo eléctrico...

- a) limitarase ao imprescindible xa que deteriora rapidamente os elementos frenantes.
- b) limitarase ao imprescindible xa que deteriora a transmisión.
- c) utilizarase sempre despois do freo de servizo.
- d) evita o fenómeno fading.

83. O sistema de distribución dun motor de combustión ten como función...

- a) lubricar as pezas móbiles do motor.
- b) introducir aire e carburante no interior do cilindro.
- c) trasladar o movemento do motor ás rodas motrices.
- d) controlar a apertura e o peche dos orificios de admisión e de escape do cilindro.

84. Cada canto se recomenda facer medir a presión dos pneumáticos?

- a) Cada vez que se encha.
- b) Antes de efectuar cargas próximas ao máximo de carga útil.
- c) Cada 5 000 quilómetros.
- d) Mensualmente.

85. A que pode ser debido que o desgaste da banda de rodadura dos pneumáticos dianteiros non sexa uniforme?

- a) A arrimar, descuidadamente, o vehículo ás beirarrúas nos estacionamentos.
- b) A circular a velocidade moderada.
- c) A unha inadecuada converxencia das rodas dianteiras.
- d) Non é avaría do vehículo, débese a circular por estradas con firmes irregulares.

86. Un vehículo destinado exclusivamente a trasladar mercadorías dentro do recinto dun porto está

...

- a) obrigado ao uso do tacógrafo dixital.
- b) obrigado ao uso do tacógrafo analóxico.
- c) exento do uso de tacógrafo sempre que a masa máxima autorizada non supere o 12.000 kg.
- d) exento do uso de tacógrafo.

87. Se o pneumático dunha roda presenta un desgaste maior no interior ou no exterior, onde reside a causa do problema?

- a) Na falta de presión do inflado.
- b) No exceso de presión do inflado.
- c) Na mala aliñación das rodas.
- d) En que a amortiguación é defectuosa ou a roda está desequilibrada.

88. Que síntoma indica que hai unha fuga no sistema pneumático de freos?

- a) Cando, co motor funcionando, a presión de aire nos circuitos cae rapidamente.
- b) Cando, co motor parado, a presión de aire nos circuitos cae rapidamente.
- c) Cando, co motor funcionando, a presión de aire nos circuitos sobe rapidamente.
- d) Cando, co motor parado, a presión de aire nos circuitos sobe rapidamente.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

89. Se os segmentos do pistón dun motor de combustión están desgastados...

- a) impediríase a saída dos gases queimados da cámara de compresión.
- b) aumentaría o consumo de aceite.
- c) reduciríase o consumo de aceite.
- d) reduciríase a formación de carbonilla na cámara de compresión.

90. Todos os eixos da caixa de cambios apóianse, por medio de coxinetes, nunha carcasa chamada...

- a) cráter da caixa de cambios.
- b) concavidade da caixa de cambios.
- c) buraco da caixa de cambios.
- d) cárter da caixa de cambios.

91. Para reducir o consumo de carburante dun automóbil, que é conveniente?

- a) Pisar o freo inmediatamente despois de deixar de acelerar.
- b) Reducir o número de revolucións do motor utilizando para iso unha relación de marchas adecuada.
- c) Utilizar unha relación de marchas curtas para aumentar a potencia.
- d) Dar aceleracións rápidas para alcanzar a velocidade adecuada no menor tempo posible.

92. O consumo de carburante dun vehículo pesado pode ser maior do normal dependendo:

- a) do mantemento que se realice ao vehículo, o perfil da estrada e a relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades.
- b) do tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) do sistema de mando da distribución: por correa dentada ou por cadea.
- d) do tipo de sistema de freado que se monte: hidráulico ou pneumático.

93. A marca viaria constituída por unha zona marcada por franxas oblicuas paralelas enmarcadas por unha liña continua, como se denomina?

- a) Liña de bordo de calzada.
- b) Marca de comezo de carril reservado.
- c) Liñas e marcas de estacionamento.
- d) Cebreado.

94. En que ten influencia o estado dos filtros?

- a) No desgaste dos pneumáticos.
- b) Na seguridade do vehículo.
- c) No desgaste dos freos.
- d) No consumo de carburante.

95. A caixa de cambios ou de velocidades...

- a) permite investir o xiro que recibe do cigüeñal.
- b) non necesita lubricación.
- c) desmultiplica, en todo caso, as revolucións que recibe do cigüeñal.
- d) une o grupo cónico co diferencial.

96. Que se entende por fiabilidade dun transporte?

- a) A rapidez no servizo.
- b) A seguridade dos pasaxeiros e equipaxes.
- c) Que o transporte sexa tal como a empresa prometeu.
- d) A economía de medios.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

97. Segundo as condicións xerais de contratación, cando ten o transportista obrigación de informar da posibilidade de incluír no contrato unha declaración do valor das mercadorías?

- a) Sempre.
- b) Cando se trate de mercadorías especialmente valiosas.
- c) Cando contrate cun consumidor.
- d) É unha posibilidade aberta a todos os que contraten un transporte, pero o transportista non está obrigado a informar en ningún caso.

98. Nunha empresa as instalacións son un compoñente básico da imaxe, que dous aspectos básicos deben coidarse nelas?

- a) A situación xeográfica e a organización.
- b) O deseño e a modernidade.
- c) A aparencia física das instalacións e a atmosfera profesional.
- d) A capacidade e a situación.

99. Que función cumpre o turbocompresor nun motor de combustión sobrealimentado?

- a) Diminuír o par motor.
- b) Diminuír o par en roda.
- c) Variar a relación de compresión en función das revolucións do motor.
- d) Aumentar a potencia do motor sen aumentar a súa cilindrada.

100. Das seguintes opcións, cal é unha vantaxe propia dos retardadores?

- a) Axudan a evitar o sobrequecemento dos freos durante freadas prolongadas.
- b) Realizan unha función de freado adicional dos eixos.
- c) Están exentos de desgaste.
- d) Todas son correctas.

Preguntas de reserva (Só se corruxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. Que considera a normativa como transporte interior de mercadorías?

- a) O realizado no interior das poboacións de forma exclusiva.
- b) O transporte que non excede os límites dun país.
- c) O realizado dentro do espazo Schengen.
- d) O realizado dentro de Europa.

102. Quen debe comprobar que a presión no sistema pneumático de freos é a adecuada antes de poñerse en circulación?

- a) A empresa propietaria.
- b) O condutor do vehículo.
- c) Ninguén.
- d) Calquera persoa que viaxe no vehículo.

103. As operacións de carga e descarga, cando sexa inescusable efectualas dentro da vía, deberán realizarse:

- a) polo lado do vehículo máis afastado ao bordo da calzada.
- b) con medios suficientes para conseguir a máxima celeridade, aínda que Estes poidan provocar ruídos e molestias.
- c) sen ocasionar perigos nin perturbacións graves ao tránsito doutros usuarios.
- d) sen respectar as disposicións sobre paradas e estacionamentos.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Fecha: 03-11-2021 10:00 h

103. Las operaciones de carga y descarga, cuando sea inexcusable efectuarlas dentro de la vía, deberán realizarse:

a) por el lado del vehículo más lejano al borde de la calzada.
b) con medios suficientes para conseguir la máxima celeridad, aunque Estos puedan provocar ruidos y molestias.

c) sin ocasionar peligros ni perturbaciones graves al tránsito de otros usuarios.
d) sin respetar las disposiciones sobre paradas y estacionamientos.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Fecha: 03-11-2021 10:00 h

96. ¿Qué se entiende por fiabilidad de un transporte?

- a) La rapidez en el servicio.
- b) La seguridad de los pasajeros y equipajes.
- c) Que el transporte sea tal como la empresa prometió.
- d) La economía de medios.

97. Según las condiciones generales de contratación, ¿cuándo tiene el transportista obligación de informar de la posibilidad de incluir en el contrato una declaración del valor de las mercancías?

- a) Siempre.
- b) Cuando se trate de mercancías especialmente valiosas.
- c) Cuando contrate con un consumidor.
- d) Es una posibilidad abierta a todos los que contraten un transporte, pero el transportista no está obligado a informar en ningún caso.

98. En una empresa las instalaciones son un componente básico de la imagen, ¿qué dos aspectos básicos deben cuidarse en ellas?

- a) La situación geográfica y la organización.
- b) El diseño y la modernidad.
- c) La apariencia física de las instalaciones y la atmósfera profesional.
- d) La capacidad y la situación.

99. ¿Qué función cumple el turbocompresor en un motor de combustión sobrealimentado?

- a) Disminuir el par motor.
- b) Disminuir el par en rueda.
- c) Variar la relación de compresión en función de las revoluciones del motor.
- d) Aumentar la potencia del motor sin aumentar su cilindrada.

100. De las siguientes opciones, ¿cuál es una ventaja propia de los retardadores?

- a) Ayudan a evitar el sobrecalentamiento de los frenos durante frenadas prolongadas.
- b) Realizan una función de frenado adicional de los ejes.
- c) Están exentos de desgaste.
- d) Todas son correctas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. ¿Qué considera la normativa como transporte interior de mercancías?

- a) El realizado en el interior de las poblaciones de forma exclusiva.
- b) El transporte que no sobrepasa los límites de un país.
- c) El realizado dentro del espacio Schengen.
- d) El realizado dentro de Europa.

102. ¿Quién debe comprobar que la presión en el sistema neumático de frenos es la adecuada antes de ponerse en circulación?

